

Dirección Xeral de Formación Profesional  
Rede de Integrados de Formación Profesional

Modelo MD81PLA01

# Proxecto Funcional do CIFP Audiovisual de Vigo

Período: 2023-27

## Índice

---

1. Descrición do ámbito económico, social e laboral do CIFP	3
2. Obxectivos específicos e prioridades de actuación do CIFP	6
3. Sistema organizativo do CIFP	7
4. Procedementos de xestión do CIFP	8
5. Oferta integrada	9
5.1. Ensinanzas propias da formación profesional inicial	9
5.2. Accións de inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras	10
5.3. Accións formativas permanentes dirixidas á poboación traballadora ocupada	10
5.4. Outras	10
6. Programacións das accións formativas existentes no CIFP	11
7. Plan de orientación profesional	11
7.1. Plan de Acción Titorial	11
7.2. Plan Xeral de Atención á Diversidade	11
8. Proxecto lingüístico do CIFP	11
9. Plan de autoprotección	11
10. Disponibilidade e accesibilidade aos servizos e instalacións do CIFP	11
11. Dereitos e deberes do alumnado	12

## 1. Descrición do ámbito económico, social e laboral do CIFP

### Introdución e datos do centro:

O CIFP Audiovisual de Vigo é un centro público e gratuíto no que unicamente se imparten ciclos formativos da familia de Imaxe e son. Somos o único centro de Galicia que conta con toda a oferta formativa da familia profesional.

Nome do centro: CIFP Audiovisual de Vigo

Dirección: Eduardo Cabello, s/n, 36208, Bouzas, Vigo

Teléfono: 886 111 152

Correo electrónico: [ies.audiovisual.vigo@edu.xunta.gal](mailto:ies.audiovisual.vigo@edu.xunta.gal)

Páxina web: <https://iesaudiovisualvigo.es>

Facebook: <https://www.facebook.com/iesaudiovisualdevigo>

Twitter: @EavVigo

Instagram: <https://www.instagram.com/ies.audiovisual.vigo/>

### Evolución do centro: da oferta inicial dun único ciclo a converterse no centro de referencia da formación no sector audiovisual:

O noso centro inaugurouse en novembro de 2005 despois de acometer unha reforma integral na edificación inicial, ofertando o CS de Son para audiovisuais e espectáculos no réxime ordinario, con 22 prazas no curso 2005-06. A oferta formativa do IES Audiovisual de Vigo foise incrementando ao longo dos seguintes cursos ata ofrecer no curso 2015-16 todos os ciclos da familia profesional de Imaxe e Son no réxime ordinario, agás o CS de Animación en 3D, así coma a oferta parcial de módulos en varios ciclos no réxime modular, tanto na modalidade presencial coma na semipresencial. En anos posteriores, continuamos co noso crecemento ata converternos no curso actual, 2023-24, no único centro de Galicia coa oferta formativa completa da familia profesional.

Dende o curso académico actual, xa como CIFP Audiovisual de Vigo, converteuse no centro de referencia da formación en Imaxe e Son de Galicia, ao aumentar a carteira de servizos públicos que ofrece: inclúese, por primeira vez, o CS de Animación en 3D, continuamos impartindo o Máster de FP en Audiodescrición e Subtitulación -implantado no curso 2020-21-, sendo tamén o único centro galego que ofrece ese curso de especialización en FP, e comezamos a ofrecer novos servizos públicos relacionados coa FP, entre os que destacamos:

- Accións formativas para persoas en desemprego (cursos AFD)
- Acreditación de competencias profesionais (ARA)

Estes dous servizos ofrécense a partir deste curso por primeira vez na área sur de Galicia no ámbito da familia profesional de Imaxe e Son, xa que ata o momento solo podíamos contar con esa oferta no CIFP de Imaxe e Son, ubicado na cidade da Coruña.

### Transformación en CIFP e características do sector produtivo audiovisual:

Dende o curso académico actual, o centro transfórmase en centro integrado de FP e pasa a denominarse CIFP Audiovisual de Vigo segundo o DECRETO 125/2023, do 3 de agosto, polo que se transforman institutos de educación secundaria en centros integrados de formación profesional.

Un Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) debe ofrecer una formación profesional integral ao longo de toda a vida laboral, que inclúa a FP Inicial, que outorga títulos de formación profesional regrada, a continua para traballadores en activo e que lles permita adaptarse aos cambios permanentes do entorno produtivo, e a ocupacional para traballadores desempregados como mecanismo para recualificarse e facilitar a súa volta ao mercado laboral. Isto conséguese a través de Accións formativas para Desempregados (AFD) e da Acreditación de Competencias (ARA), para permitir o recoñecemento académico-profesional da formación non regrada e da experiencia laboral, facilitando así a integración do mercado laboral nos centros educativos.


Complementariamente, cómpre sinalar como a evolución da formación profesional en Galicia busca impulsar esa constante integración dos ámbitos académico e laboral; máximo exponente disto é o impulso da FP DUAL que combina a formación do alumnado no centro educativo coa súa formación e actividade profesionalizadora na empresa. O noso centro, como IES, apostou por esa formación nos programas de FP Dual de 2º curso, con experiencias nos cursos anteriores en varios ciclos formativos, sendo conscientes da dificultade da súa implantación no sector audiovisual galego, dadas as características do mercado laboral e do tecido empresarial neste sector produtivo, coa presenza maioritaria de pequenas produtoras ou persoas autónomas con carga de traballo desigual ao longo do ano. Desde este primeiro curso como CIFP contamos cunha docente que impulsará estes programas ao tempo que fomentará a creación de oferta de FP Dual de grupo completo, a través do cargo de Dinamización de Relación con Empresas.

### Alumnado e Persoal Docente e Non Docente:

O noso centro ubícase en Vigo pero, debido a súa oferta formativa única centrada no sector audiovisual, acolle alumnado de diversos concellos galegos, especialmente da área sur da comunidade, e non solo da cidade de Vigo. Por outra banda, a oferta formativa na modalidade semipresencial permite a matrícula de alumnado residente incluso noutras comunidades autónomas, dado que poucos centros no conxunto de España ofrecen estes ciclos formativos nesta modalidade, que permite compaxinar os estudos con actividade laboral.

O centro sitúase no barrio de Bouzas, nunha zoa marítima con proxección de crecemento demográfico. A zona, anteriormente pobo aldeaño ao concello de Vigo, sitúase na actualidade coma un barrio da cidade en auxe económico e residencial, dotado de centros de interés coma o Museo do Mar, o Centro de Investigacións Mariñas -CSIC-, ou o seu porto naval e central de astaleiros. Con todo iso, segue mantendo a estrutura socioeconómica dunha parroquia ou barrio galego (pequenas tendas, mercado, festas patronais, ...).

Accédese desde a avenida de Beiramar, procedente do centro de Vigo ou desde a VG-20, desde o barrio de Navia.



O actual claustro está composto por un cupo de 38 docentes, dos cales 24 teñen destino definitivo no centro. A maioría do persoal non definitivo coñece o centro en profundidade debido a que este foi o seu destino provisional durante os últimos cursos escolares. En canto ao xénero, a distribución é bastante equitativa, aínda que o número de profesoras supera ao de profesores actualmente. O persoal docente está altamente cualificado, pero ante un perfil competencial tan amplo e exixente xurden dificultades: Necesidade de formación polivalente excesiva, xa que debe o ámbito competencial incluír ámbitos técnicos e académico-profesionais moi diversos. Profesorado con destino provisional que coñece os módulos que vai impartir con pouca antelación ao inicio do curso.

Dificultades en gran parte do profesorado substituto debido á versatilidade exixida e ao escaso tempo de preparación desde a contratación ao inicio da impartición das aulas. O equipo docente, compatibilizado segundo o cupo, está formado polas seguintes especialidades e profesorado:

- Procesos e Medios de Comunicación: 16 (9 con destino definitivo)
- Técnicas e Procedementos de Imaxe e Son: 17 docentes (12 con destino definitivo)
- Formación e Orientación Laboral: 4 docentes (2 con destino definitivo)
- Orientación educativa: 1 (definitivo)

O persoal non docente está composto por 2 profesionais do corpo de subalternos-conserxería-, 1 auxiliar administrativa e 2 limpadoras. Na actualidade son 5 mulleres, 3 delas con destino definitivo no centro. Este persoal colabora activamente co equipo

directivo no funcionamento do centro, mantendo unha comunicación fluída e traballando de forma eficiente.

## 2. Obxectivos específicos e prioridades de actuación do CIFP

Á hora de establecer obxectivos e prioridades de actuación, cómpre ter en conta a análise de riscos e oportunidades, que inclúe o DAFO como instrumento clave para realizar un diagnóstico da situación actual do centro. Este documento “Contexto, Partes Interesadas, Riscos e Oportunidades”, podemos consultalo no seguinte [enlace](#).

Considerando o anterior e tendo en conta os [Obxectivos Estratéxicos](#) fixados pola Rede CIFPs, establécense os seguintes obxectivos específicos:

1. Incrementar o nivel de satisfacción do alumnado cos servizos ofrecidos polo centro
2. Perfeccionar as competencias profesionais do profesorado, tanto no dominio do currículo coma nas estratexias metodolóxicas.
3. Implantar unha oferta de AFD e planificar o procedemento ARA acorde coas necesidades do sector na nosa área de influencia
4. Aumentar a matrícula no CE de Audiodescrición e Subtitulación

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	PRIORIDADES DE ACTUACIÓN
1. Incrementar satisfacción do alumnado e do persoal do centro	1.1 escoitar activamente as queixas e suxestións tramitadas a través do sistema de calidade para implementar melloras cando sexa pertinente.
	1.2 Fomentar no profesorado a autoanálise do feedback recibido e desenvolver estratexias de mellora metodolóxica conforme ás indicacións do DIOP
2. Perfeccionar competencias profesionais	2.1 Diseñar plans de Formación específicos: propostas de accións para CFR e plans de centro (PFPP e PFFP)
	2.2 Consolidar a metodoloxía de aprendizaxe por proxectos de simulación de contornos laborais reais adaptándoa ao sistema de calidade do centro.
3. Implantar unha oferta de AFD e ARA	3.1 Determinar as competencias profesionais máis demandadas no mercado na nosa área de influencia para deseñar unha oferta de AFD acorde.
	3.2 Difundir o sistema ARA entre os profesionais do sector na nosa área de influencia e así identifiquen o noso CIFP como centro de referencia para a acreditación
4. Aumentar a matrícula no CE	4.1. Dar e coñecer a oferta do curso ao alumnado de 2º curso dos ciclos superiores do noso centro, así coma ao de modular, antes do mes de marzo de cada ano.

	4.2. Dar e coñecer a oferta do curso en todos os centros (sendo IES ou CIFP) informando da nova normativa, que flexibilizou os requisitos de acceso.
--	--

### 3. Sistema organizativo do CIFP

Segundo establece o Regulamento Orgánico dos Centros Integrados de Formación Profesional, a estrutura interna está distribuída en tres áreas funcionais, para afrontar os fins e as funcións propias destes centros, mellorar as relacións coa comunidade e co ámbito produtivo e fomentar as relacións e o intercambio de experiencias entre os centros integrados. As áreas funcionais serán:

- a) Área de calidade, innovación e orientación profesional. Con responsabilidade na xestión de calidade, na innovación educativa e tecnolóxica, na formación do profesorado, nos programas internacionais, na relación con empresas, entidades, asociacións e outras institucións, na información e orientación profesional, na organización e na xestión dos procedementos para a obtención dun título de formación profesional por vías de aprendizaxe non formais e de calquera outra proba que a consellería competente convoque.
- b) Área de formación. Con responsabilidade na organización e na xestión das actividades formativas e do persoal docente do centro integrado
- c) Área de administración e xestión. Con responsabilidade na administración e na xestión económica, administrativa, de material, de prevención de riscos laborais e de persoal non docente do centro integrado.

Os órganos de participación son o Claustro do profesorado e o Consello Social: no seguinte organigrama, podemos identificar os nomes das persoas que ocupan os cargos mencionados anteriormente.

O equipo directivo e as persoas que ocupan os distintos cargos do CIFP foron designados polo director do centro de común acordo con elas, de xeito que cada quen puidese desenvolver as súas funcións de forma eficiente e mantendo a comunicación constante coas xefaturas de cada área. Trátase de traballar en equipo e de facilitar o intercambio constante de feedback entre as distintos coordinacións, xefaturas e cargos directivos.

A diferenza da maioría dos CIFPs, o noso centro concentra a súa oferta formativa nunha única familia profesional, polo que as sinerxias que xurden traballando de forma colaborativa poderán ter unha repercusión positiva no desenvolvemento das accións de cada área funcional e, polo tanto, na consecución dos seus obxectivos.

## 4. Procedementos de xestión do CIFP

Apartado	Requisitos da norma	Documentación
4. CONTEXTO DE ORGANIZACIÓN	4.1 Comprensión da organización e o seu contexto	MC41CAL Manual de calidade
5. LIDERADO	5.1 Liderado e compromiso	PR51LID Liderado
6. PLANIFICACIÓN	6.1 Accións para abordar riscos e oportunidades	PR61RIS Riscos e oportunidades
	6.2 Obxectivos de calidade e planificación para logralos	PR62XES Planificación do Sistema de Xestión de Calidade
7. SOPORTE	7.1 Recursos	PR71ACP Acollemento do persoal PR71CAL Homoxeneización de criterios e calibración PR71FOR Formación
	7.4 Comunicación	PR74CIN Comunicación interna
	7.5 Información documentada	PR75CDC Control da documentación e dos rexistros
8. OPERACIÓN	8.1 Planificación e control operacional	PR81PLA Planificación Docente do curso escolar
	8.4 Control dos procesos, produtos e servizos suministrados externamente	PR84COM Provisión de recursos e compras PR84MAN Mantemento de equipos e instalacións



	8.5 Produción e provisión do servizo	PR85ACF Actividades complementarias á formación. PR85ACO Acollemento do alumnado PR85APF Acreditación, probas e formación non regrada PR85AUL Actividades de aula PR85AVA Avaliación PR85FCT Formación en centros de traballo PR85ORI Orientación PR85PRO Programación
9. AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO	9.1 Seguemento, medición, análise e avaliación	PR91SAT Satisfacción das partes interesadas
	9.2 Auditorías Internas	PR92AUD Auditorías Internas
	9.3 Revisión pola dirección	PR93REV Revisión do SXC (sistema de xestión de calidade)
10. MEDICIÓN, ANÁLISE E MELLORA	10.1 Xeneralidades	PR12NCA Xestión de non conformidades e accións correctivas

## 5. Oferta integrada

### 5.1. Ensinanzas propias da formación profesional inicial

No CIFP Audiovisual de Vigo pódese cursar calquera ciclo formativo da familia de Imaxe e son, así como o único máster de FP da nosa familia. Esta é a nosa oferta:

GRAO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE
Grao Medio	Vídeo disc-jockey e son	Ordinario
Grao Superior	Animacións 3D, xogos e contornos interactivos	Ordinario
	Iluminación, captación e tratamento de Imaxe	Ordinario
	Produción de audiovisuais e espectáculos	Modular presencial

	Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos	Ordinario Modular semipresencial Modular presencial
	Son para audiovisuais e espectáculos	Ordinario Modular semipresencial
C.E. (Máster de FP)	Audiodescripción e subtitulación	Ordinario (horario de tarde)

## 5.2. Accións de inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras

A transformación en CIFP conleva a responsabilidade de ofrecer accións dirixidas a persoas desempregadas que faciliten a súa inserción e reinserción laboral no sector audiovisual.

Neste primeira ocasión na que o centro incluíra esta oferta de AFD, obtouse por valorar as necesidades da poboación, tendo en conta tamén a dispoñibilidade do profesorado e dos espazos e equipamentos das nosas instalacións. Como conclusión, estableceuse unha prioridade na solicitude das accións formativas a realizar durante os primeiros anos, atendendo aos seguintes criterios:

- Dispoñibilidade de espazos e equipamentos en horario de tarde, dependendo da oferta modular que se estableza para cada curso escolar
- Perfil competencial do profesorado interesado en impartir esta formación
- Necesidades de formación demandadas polas persoas desempregadas no sector audiovisual de de espectáculos.

## 5.3. Accións formativas permanentes dirixidas á poboación traballadora ocupada

A oferta formativa no réxime modular permite compatibilizar, no seu caso, formación e traballo activo. Isto é así especialmente no caso dos ciclos da modalidade semipresencial.

O CIFP tamén podería asinar convenios de colaboración coas empresas da contorna para realiza este tipo de accións formativas, no futuro.

## 5.4. Outras

Colaboración con outras entidades para organizar accións formativas conxuntas mediante acordos entre institucións. Potenciarase asinar estes acordos cando a formación non se imparta no centro na oferta de FP Reglada o de AFD e esta poida redundar positivamente no noso alumnado e/ou profesorado.

Trátase de acordos con institucións coma, por exemplo, o Clúster Audiovisual Galego, de xeito que o noso CIFP podería colaborar cedendo instalacións e equipamento a cambio de formación específica de calidade impartida por expertos do sector.

## 6. Programacións das accións formativas existentes no CIFP

As programacións didácticas dos módulos profesionais elabóranse mediante a aplicación deseñada pola consellería e conforme ao seu manual. Son revisadas polas xefaturas de departamento didáctico e, posteriormente polo equipo directivo do centro e polo servizo de Inspección Educativa.

O resume de programacións, conforme ao modelo deseñado polas xefaturas de departamento, é accesible ao alumnado desde o primeiro día de clase do módulo, a través da aula virtual do mesmo.

Cada departamento elabora, así mesmo, unha programación na que planifica as accións a desenvolver no seu ámbito de actuación.

## 7. Plan de orientación profesional

O Plan de orientación profesional, elaborado polo xefe de departamento de información e orientación profesional (DIOP), constitúe un instrumento fundamental para a planificación da orientación no centro. Podemos consultalo na seguinte [ligazón](#).

Inclúe dous importantes instrumentos de planificación da acción orientadora no centro: o PAT e o PXAD:

### 7.1. Plan de Acción Titorial

Podemos consultalo na seguinte [ligazón](#)

### 7.2. Plan Xeral de Atención á Diversidade

Podemos consultalo na seguinte [ligazón](#)

## 8. Proxecto lingüístico do CIFP

Podemos consultalo na seguinte [ligazón](#).

A addenda ao proxecto inclúese no Plan Anual de cada curso escolar.

## 9. Plan de autoprotección

Podemos consultalo na seguinte [ligazón](#).

O Plan debe ser revisado este primeiro ano, dado que é un documento herdado do centro como IES.

## 10. Disponibilidade e accesibilidade aos servizos e instalacións do CIFP

O centro permanece aberto desde as 8.15 ata as 21.35 de forma ininterrompida, de luns a venres. Os horarios de clase son os seguintes:

Réxime ordinario: de 8.30 a 15.00, cun descanso de 11.30 a 12.00  
Réxime modular: de 16.00 a 21.30, cun descanso de 19.00 a 19.30

O acceso ás instalacións e equipamento por parte do alumnado fóra do seu horario lectivo realizarase conforme ás indicacións da xefatura de área de Administración e Xestión (espazos) e da xefatura de Departamento de Imaxe e Son (equipamento). O alumnado poderá permanecer nas instalacións do centro fóra do seu horario de clases para realizar actividades relacionadas co currículo dos módulos profesionais nos que estea matriculado; especialmente aquelas tarefas de carácter práctico para as que é preciso empregar equipamento específico do centro. Co mesmo obxectivo, o alumnado poderá retirar material do centro en réxime de préstamo durante a fin de semana, seguindo o protocolo establecido ao efecto pola xefatura de departamento de Imaxe e Son.

Os protocolos actualízanse cada ano e figuran no Plan Anual do curso correspondente.

## 11. Dereitos e deberes do alumnado

Tal como se recolle na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15 de de xullo de 2011), o alumnado ten os seguintes dereitos e deberes:

Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da citada lei.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso